

	IES MARÍA CASARES. Departamento de TECNOLOXÍA		4º ESO 2023-2024
	MATERIA	DIXITALIZACIÓN	
	PROFESOR/A	Andrés Lariño	

CONTIDOS		
1ª AVANZADA	1	Dispositivos dixitais, sistemas operativos e de comunicación <ul style="list-style-type: none"> ● Arquitectura do ordenador: Identificación dos compoñentes dun ordenador e os seus periféricos. ● Sistemas operativos ● Redes: Tipos, configuración, funcionamento da rede. Dispositivos de interconexión. ● Dispositivos conectados: IoT e Wearables.
	2	Creación e maquetaxe de textos <ul style="list-style-type: none"> ● Creación, maquetaxe e publicación de textos
	3	Presentacións dixitais <ul style="list-style-type: none"> ● Distintos tipos de presentacións dixitais: infografías, diapositivas.... ● Colaboración en rede. ● Publicación e difusión responsable.
	4	Edición de vídeo <ul style="list-style-type: none"> ● Edición e montaxe ● Captura de imaxe, son e vídeo. Integración de son nun clip de vídeo. ● Formatos de vídeo, reprodutores, conversión entre formatos.
	5	Seguridade Dixital <ul style="list-style-type: none"> ● Medidas de prevención de riscos na rede ● Ameazas na rede ● Protección de datos ● Uso saudable de dispositivos dixitais
	6	Cidadanía dixital crítica <ul style="list-style-type: none"> ● Etiqueta dixital ● Propiedade intelectual e licenzas de uso ● Xornalismo dixital ● Certificados dixitais, comercio electrónico... ● IA
2ª AVANZADA	7	A folla de cálculo <ul style="list-style-type: none"> ● Estrutura da folla de cálculo. ● Datos e fórmulas. Emprego de funcións. Referencias absolutas e relativas. ● Xeración de gráficos
	8	Bases de datos <ul style="list-style-type: none"> ● Tratamento de información con bases de datos
3ª AVANZADA	9	Realidade virtual aumentada e mixta
	10	Programación <ul style="list-style-type: none"> ● Estructuras de programación: Secuencias de selección e iterativas ● Funcións, datos, constantes e variables. ● Desenvolvemento de aplicacións sinxelas. ● Prácticas de IA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas de coñecemento individuais	60,00%
Anotacións no caderno do profesor: Observación directa, participación, cumprimento das indicacións..	10%
Traballos individuais e actividades tanto en papel como en formato dixital.	30,00%
TOTAL AVALIACIÓN	100%

NOTA MEDIA XUÑO

A calificación de cada unha das 3 avaliacións do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. ***(ver observacións)**

A cualificación final do curso virá dada pola media das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso, non podendo ter menos de un 4 en ningunha das avaliacións.

No caso de ter algunha avaliación con media menor de 4 e/ou que a nota final do curso sexa menor que 5 deberá recuperar materia.

Cálculo da nota final do curso:

NOTA FINAL = 35% 1ª aval+ 30% 2ª aval+35% 3ª aval (nota mínima un 4 en cada avaliación)

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

En cada unha das avaliacións o alumnado que non acadou un 50% na nota nas PE (probas obxectivas de avaliación) deberá realizar unha proba de recuperación dos contidos da avaliación.

Nas 3 últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

No caso de alumnado con algunha avaliación non superada a nota final recalcularase tendo en conta a nota da avaliación recuperada na proba final ou a nota da proba final de ser o caso de ter que recuperar toda a materia.

O alumnado que na primeira semana de xuño teña acadado unha cualificación de 5 ou máis de 5 na media ponderada das tres avaliacións, poderá realizar actividades de reforzo e ampliación que lle permitirán subir a súa cualificación nalgunha das unidades didácticas do curso. Neste caso a cualificación final será recalculada seguindo o mesmo criterio que a nota final do curso modificando a nota da avaliación na que se mellora a media.

***OBSERVACIÓNS:** *En cada avaliación o aprobado obtense cunha media igual ou superior a 5 e sempre que se obteña un 40% como mínimo en cada unha das ferramentas de avaliación. De obterse unha calificación negativa o alumnado deberá superar a avaliación mediante a entrega das tarefas pendentes ou a recuperación da proba escrita correspondente.

EXAMES: Se un alumno non se presenta a un exame deberá presentar xustificante médico e acordarse co profesor unha data para a realización da proba.